

DEFENSA

MESA DELEGADA DEFENSA

SETEMBRO 2024

REGULAMENTO DA MESA DELEGADA

Despois de moitos anos solicitando a parte social o regulamento da Mesa Delegada, por fin a Administración accede a negociar un regulmento para un funcionamento correcto e formal deste organismo de negociación das condicións de traballo e salariais do persoal civil do Ministerio de Defensa.

SITUACIÓN DE PROCESOS SELECTIVOS

Persoal funcionario. Os procesos selectivos correspondentes à Oferta de Emprego Público de 2023 entran na súa fase final. Agárdase proximamente o nomeamento do persoal de Corpos de Enxeñaría Técnica e Mestría. Do corpo de oficiais vai con máis demora.

Persoal laboral. Rematado o prazo de solicitudes da convocatoria de acceso libre correspondente à OEP 2021-2022, emitíuse resolución de ampliación de prazos para convocatoria de primeiro exercicio ante o grande volume de solicitudes.

CONCURSOS

Persoal funcionario . Por fin despois de moitos anos (11!), ve a luz o concurso de traslados dos corpos específicos de Arsenais. O novo Subdirector do Ministerio entendeu a necesidade deste concurso e comprometeuse a que se convoque antes de finalizar este 2024, pois se estaba a privar a este colectivo (corpos exclusivos da armada) a ter a posibilidade de mobilidade como o resto de corpos da Administración do Estado, obrigando aos nosos compañeiros/as a pedir prazas do corpo xeral administrativo se querían ter esta mobilidade.

De todas formas a CIG insiste en ter un concurso anual antes da provisión de postos de acceso libre correspondentes à OEP do ano correspondente , cuestión que de momento non é aceptada por parte da Administración.

Os seguintes concursos que pretende convocar o Ministerio son os seguintes: Concurso Xeral e Concurso específico de organismos autónomos. O que non teñen claro é cal vai ser primeiro.

Persoal laboral. Convocada a terceira fase do concurso aberto e permanente correspondente a este ano. O prazo de solicitude remata 2 de outubro.

PERMUTAS PERSOAL ESTATUTARIO.

A Administración consultou os seus servizos xurídicos e admitiu que o persoal estatutario, ao igual que o persoal funcionario e laboral, poden permutar, se se cumpren os requisitos establecidos pola normativa legal existente.

CIG, como sempre insistiu que debería ser un sistema de provisión de postos, de forma regulada pois non se debe prexudicar a ninguén se se fai de maneira ordenada. Propoñemos que as permutas sexan públicas, transparentes, e actualizadas para que todas as persoas que quixeren permutar que se poñan a disposición, e unha vez se cumpran os requisitos , se faran as permutas conforme a criterios de antigüidade en caso de que varias persoas estexan interesadas no mesmo posto de traballo. Entendemos que a permuta debe ser un dereito do persoal ante a pouca periodicidade de concursos de traslados e non unha potestade exclusiva da Administración.

ESTATUTARIZACION

A Administración presentou un rascuño de Real Decreto para a estatutarización do persoal laboral e funcionario de parte do ámbito sanitario de Defensa.

Este documento sufriu aportacións e variacións por parte da parte social que a Administración admitiu e o documento en si é un documento que podería valer para poder asinar polas dúas partes. Se ben, desde a CIG atopamos un inconveniente moi grande pois o ámbito de aplicación, non contempla uns criterios rigorosos e coherentes xa que son ambiguos e non compartimos por entender que non son igualitarios (un dos principios do emprego público).

Falan de estatutarizar persoal da rede hospitalaria militar (os hospitais de Defensa de Zaragoza e Madrid) , pero despois din que tamén algúns centros da rede sanitaria militar (non tendo nengún criterio de por que estes centros si e outros non). A CIG reclamou que todas as categorías sanitarias deberían ter a posibilidade de estatutarizarse independentemente do posto que ocupa actualmente.

O argumento manexado polo Ministerio para estatutarizar o persoal de tres centros da rede sanitaria militar (*Centro de transfusións das Forzas armadas, Instituto de medicina preventiva, e Instituto toxicolóxico da Defensa*) era que prestaban servizos para Hospital Militar Gomez Ulla de Madrid, pero teñen unha Farmacia militar que tamén están dentro do complexo hospitalar, pero o persoal desa farmacia non a estatutarizan!.

É dicir fan unha estatutarización à carta, na quea CIG non vai entrar, e somos a única organización sindical que non vai asinar o documento.